

Nota de prensa
do SLG

20-11-2008

O SLG solicita á CMR que acepte as solicitudes de subvención de razas autóctonas presentadas o 26 de maio.

*** A confusión no prazo de presentación de devanditas solicitudes partiu da propia administración.**

No día de hoxe o SLG solicitou da Consellaría do Medio Rural que se **establezan mecanismos para non denegar as solicitudes de subvencións de razas autóctonas entregadas no día 26 de maio**, xa que é un número considerábel, máis de un cento, e ademais é de dominio público que **máis de unha Delegación Territorial da Consellaría informou de que o prazo remataba no día 26**, posibelmente por mal entendidos á hora de contar o prazo.

Dende o SLG consideramos que **non pode ser casual que tantas solicitudes se entregaran fóra de prazo, e todas elas no día 26**; máis ben parécenos que este feito **é debido a unha mala información**, e que polo tanto non deben ficar anuladas tantas solicitudes. Por outra banda estamos seguros que esa información errada partiu da propia Administración, **razón pola cal as solicitudes fóra de prazo se concentran nas comarcas onde se informou deste xeito.**

As explotacións solicitantes non son polo tanto quen cometeron o erro, mais si se pretende que sexan elas quen o

paguen, ficando sen subvención por un erro que segundo tódolos indicios, partiu da propia Administración.

O Sindicato Labrego Galego demanda á CMR que asuma a súa responsabilidade na confusión de datas, aceptando as solicitudes rexistradas no día 26 de maio.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Xabier Gómez Santiso, Coordinador de Sectores Gandeiros do SLG,

TLF: 660 215 335

Margarida Prieto Ledo, Responsábel Comarcal A Terra Chá,

TLF: 659 985 308